


A crónica do regreso do exilio do pintor surrealista Eugenio Granell

A piques de se cumprir vinte anos da morte do gran pintor surrealista galego, un novo ensaio (ilustrado con máis de 80 fotografías e obras do autor) aborda o seu regreso do exilio a un país que tardaría moito en recoñecer a súa vida e obra.

FICHA TÉCNICA 416 pp . 15,5 x 23,5 cms.
ISBN 978-84-16460-89-2 PVP: 23, 90 €

SANTIAGO DE COMPOSTELA, OTOÑO DE 2020.- Vinculado ao surrealismo desde os seus comezos pictóricos no exilio, o nome de Eugenio F. Granell (A Coruña, 1912-Madrid, 2001) forma hoxe parte da historia da arte española do século XX, e a súa obra está representada nas mellores coleccións artísticas do país. Pero esta realidade contrasta co enorme descoñecemento que o artista sufriu, durante décadas, na súa propia terra. A pesar dos premios e recoñecementos que -nos anos 50 e 60 do século pasado- recibiu no estranxeiro, a existencia de Eugenio Granell en España pasou desapercibida incluso despois do seu regreso en 1985.

Este libro, EUGENIO GRANELL: RETORNO DUN SURREALISTA EXILIADO (Alvarellos Editora / Consorcio de Santiago) de Violeta González Forte, céntrase precisamente nas circunstancias e vicisitudes vitais deste regreso do exilio. Leremos, ao comezo, cartas cheas de desacougo, grandes dúbidas e amargura, xa que o retorno implicaba soportar un país cuxa ditadura parecía interminable. Despois descubriremos eses firmes apoios que, desde finais do franquismo, comezaron a reivindicar a súa figura (primeiro, Isaac Díaz Pardo,



e xa nos oitenta, César A. Molina, entre outros). Un esforzo que culminou en 1995 co nacemento da Fundación Eugenio Granell en Compostela, cidade onde vivira os anos indeleble da súa infancia e mocidade.

Estamos ante un traballo rigoroso, profundamente documentado, entretido e ilustrado con oitenta fotografías e reproducións das súas obras máis significativas de todo este período.

Violeta González Forte (A Coruña, 1982) é doutora en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela e especialista na obra de Eugenio Granell, sobre quen presentou a súa tese en 2015. Impartiu docencia na universidade e realizou unha estadía de investigación na Universidade de Puerto Rico (2011) co fin de estudar a actividade desenvolvida por Granell na illa. As súas liñas de investigación e estudo céntranse na arte do século XX e sobre todo nas vangardas históricas, con especial atención ás mulleres galegas e á arte do exilio. Autora de varios traballos arredor destes temas, o presente libro *Eugenio Granell: retorno dun surrealista exiliado* é a súa primeira obra.

Para contactar con la autora: violetaforte@hotmail.com

